




**XUNTA  
DE GALICIA**

**CeMIT** | Centros para a Modernización  
e Inclusión Tecnolóxica



## A nova Rede CeMIT

Santiago de Compostela, 4 de marzo 2011

2014. AXENDA  
**gal** DIXITAL  
DE GALICIA

**gal** DE GALICIA  
DIXITAL

A Xunta de Galicia pon en marcha a Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica de Galicia, **Rede CeMIT**, para a posta en práctica de iniciativas orientadas a **impulsar as TIC e a sociedade da información**, así como para contribuir a **impulsar o emprego, a competitividade empresarial e o eGoberno** en Galicia.

### Obxectivos Estratéxicos Rede CeMIT

Vertebrar territorial e socialmente Galicia en especial onde a fenda dixital se fai máis evidente

Formación

CIDADANÍA

Impulsar o crecemento do sector empresarial tradicional

Formación

MICROPEMES/  
AUTÓNOMOS

Especializar aos profesionais do sector TIC

Formación  
avanzada

CNTG

Potenciar os coñecementos Tecnolóxicos dos empregados públicos

Formación

EMPREGADOS  
PÚBLICOS

Difundir os coñecementos multimedia e audiovisuais

Formación

CIDADANÍA

O **público obxectivo** e os **ámbitos de actuación** ao que vai dirixida a Rede son:



### CONCELLOS REDE CEMIT



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica

- **89** concellos **adheridos** á Rede CEMIT




XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Medios

- **53** concellos **asinaron o protocolo** de adhesión que lles **posibilita a contratación** dun **Axente TIC** que impulsará as actividades no centro



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Os centros adheridos poderán **utilizar a infraestrutura tecnolóxica e software común** que a Xunta de Galicia pon á súa disposición



### ENTIDADES COLABORADORAS REDE CEMIT

**1** Entidade Colaboradora que **utilice a infraestrutura da Rede CeMIT para a difusión dos seus proxectos** en materia de **alfabetización dixital**


**2** Entidade Colaboradora que queira **desenvolver nas súas instalacións o Plan de Formación da Rede CeMIT**

A Rede CeMIT está presente en todas a comarcas de Galicia.

# 94 aulas CeMIT

# 53 comarcas

# 89 concellos



CeMIT | Centros para a Modernización  
e Inclusión Tecnolóxica



## PLAN DE FORMACIÓN 2011



- 1 Formación Básica:** o uso das novas tecnoloxías nos colectivos con maior risco de exclusión
- 2 Orientación Laboral:** como utilizar internet para a búsqueda de emprego
- 3 Redes Sociais:** actividades encamiñadas ao coñecemento das distintas Redes Sociais existentes hoxe en día examinando os perigos e oportunidades das mesmas.
- 4 Comercio e Banca:** actividades orientadas a coñecer as vantaxes de realizar compras, vendas e trámites bancarios a través de Internet, e cómo facelo de forma segura.
- 5 Ocio e Servizos da Rede:** actividades enfocadas a coñecer e explorar recursos dispoñibles en Internet destinadas ao ocio e a diversión
- 6 Equipamento TIC e Conectividade:** actividades orientadas a coñecer, manexar e configurar equipamento TIC (ordenadores, móbiles, cámaras de fotos, ...)
- 7 Ofimática:** actividades orientadas a expoñer e empregar ferramentas TIC para a redacción de documentos, elaboración de follas de cálculo, presentacións, ...

- 8 **Seguridade TIC:** actividades enfocadas a detectar as principais ameazas das TIC e a adoptar medidas para a protección dos datos e do ordenador.
- 9 **Deseño gráfico:** actividades encamiñadas a expoñer e empregar novas formas de comunicación: correo electrónico, mensaxería instantánea, VoIP, TDT, ...
- 10 **Administración Electrónica:** actividades enfocadas á promoción e emprego dos servizos electrónicos das Administracións públicas dispoñibles en Internet.
- 11 **Xestión de Empresa:** actividades orientadas a expoñer as vantaxes de solucións TIC xenéricas que axuden as empresas a mellorar os seus procesos de negocio.
- 12 **Multimedia e audiovisual:** actividades orientadas á creación e protección dos contidos multimedia, así como aquelas vinculadas ao ámbito multimedia.
- 13 **Formación TIC avanzada:** actividades formativas especializadas e de carácter técnico para os profesionais TIC galegos, ocupados ou en busca de emprego.

1

## FORMACIÓN

As modalidades de formación que ofrecerá a rede CeMIT son:

- **Formación presencial:** impartirase directamente desde os centros da rede, para o que se definirán accións de formación.
- **Formación on-line:** permitirá aos cidadáns realizar actividades formativas a través dun centro virtual de formación con dúas funcións complementarias: titorización e interacción.

2

## ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN

A organización de **charlas e xornadas de sensibilización e divulgación** das actividades da Rede, a captación de usuarios e introdución a temas relacionados coas novas tecnoloxías, serán actividades que forman parte da carta de servizos da Rede CeMIT.

3


## AULA ABERTA

Os centros da rede tamén se converterán en “aulas abertas”, auténticos espazos nos que os seus usuarios/as poderán **acceder libre e gratuitamente á utilización das aulas**.

Gran parte das aulas da rede CeMIT contan cun **sistema de video-conferencia** avanzado.

### Vantaxes

- Aforro de custes de desprazamentos
- Permite incluír información audiovisual complementaria na comunicación
- Posibilidade de chegar a mais poboación
- Facilita a comunicación horizontal e en rede, así como a interacción profesor-alumno



A carta de servizos e o plan de formación  
2011 da Rede CeMIT pode consultarse en:




<http://cemit.xunta.es>



**XUNTA  
DE GALICIA**

**CeMIT** | Centros para a Modernización  
e Inclusión Tecnolóxica



2014. AXENDA  
**gal** DIXITAL  
DE GALICIA

**gal** DE GALICIA  
DIXITAL